



**JUAN MARQUINA FUENTES**, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, adoptou, na sesión ordinaria do día da data, o seguinte acordo:

**CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016**

En relación coa resolución do concurso público para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ao exercicio 2016 (acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2017), advertiuse un erro material tanto na acta de resolución do concurso como na súa proposta de resolución á Xunta de Goberno.

O dito erro consistiu na omisión de transcrición, tanto na acta como na antedita proposta de resolución, da motivación da resolución de alegacións presentadas por don Ngagne Faye Faye, con DNI 54672242T, de Kung Fu.

En consecuencia, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Incluir a motivación da dita alegación presentada por don Ngagne Faye Faye, de Kung Fu, no contido do acordo do concurso de referencia, quedando da seguinte maneira:  
*“En relación coa reclamación presentada por don Ngagne Faye Faye, da modalidade de Kung Fu, na que interesa a revisión da puntuación adxudicada dentro da convocatoria de “subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2016”, prácese informarlle que, unha vez revisado novamente o seu expediente, non procede reconsiderar a puntuación, polos motivos seguintes:*

1º.- *As puntuacións obtidas polo deportista reclamante foron as seguintes:*

- *Ouro no campionato galego de kung fu..... 20 puntos*
- *Integrante da selección galega..... 20 puntos*

2º.- *No relativo á pretensión de incluír na valoración un primeiro posto do Campionato de España da modalidade, a Comisión non estivo de acordo ao non consideralo como tal, por non ser convocado pola Federación Española da que depende o Kung Fu, a teor do regulado polo “Consejo Superior de Deportes” no ámbito estatal.*

3º.- *Tampouco se consideraron os resultados obtidos como deportista de wu-shu ao presentar a súa solicitude acompañada da licenza federativa de kung-fu ao seren modalidades dependentes de distintas federacións.*



4º.- *Se o deportista quixera que se tiveran en conta os resultados da modalidade de Wu-shu, deberá presentar dúas solicitudes independentes, unha para Kung-fu e outra para Wu-shu, que terían a súa correspondente baremación individual.*

5º.- *Na intención subxectiva sobre a procedencia de incluír como competicións relevantes o Open Nacional, a base oitava, no seu punto noveno, explicita claramente o que a convocatoria establece como competicións relevantes: Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universiadas, Xogos Mediterráneo ou competicións de similares características.*

6º.- *Revisada tamén a traxectoria deportiva, non procede a súa modificación polos argumentos indicados anteriormente. “*

2º) O resto do contido do acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2017, pola que se resolveu o concurso público para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ao exercicio 2016, mantense invariable.

E para que conste, e nos termos do artigo 206 do vixente ROF, expido esta certificación en Ourense, o vinte e cinco de maio de dous mil dezasete.

V. e pf.  
O PRESIDENTE